

CONVENIO DE COLABORACIÓN DEPORTIVA DE CESIÓN DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ENTRE O CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS-CHUO)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que Félix Rubial Bernárdez, en tanto que xerente do Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, por delegación de sinatura -19.12.2023- do conselleiro de sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, formalizou o día 22 de decembro de 2023 o instrumento convencional arriba referido que ten unha vixencia de catro anos a contar dende a súa sinatura, e que as partes de mutuo acordo, poderán prorrogar, debendo ser subscrita con anterioridade a data de vencemento.
- Que o instrumento convencional ao que se adhire o Servizo Galego de Saúde ten por obxecto que o Consello Municipal de Deportes facilite ao Servizo Galego de Saúde (Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras-CHUO) o uso do Anexo do Pavillón dos Remedios para a práctica deportiva dos pacientes do Hospital de Día de Saúde Mental, supervisada polos profesionais da entidade, durante todos os venres do ano de 10 horas ás 11 horas e das 12 horas ás 13 horas.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o acto de adhesión asinado fundaméntase en que o Servizo Galego de Saúde (Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras-CHUO) a través do Hospital de Día de Saúde Mental desenvolve un programa terapéutico dirixido aos seus pacientes, baseado no deporte. Por este motivo, dende hai máis de dez anos os pacientes do Hospital de Día acoden semanalmente ás instalacións do Pavillón dos Remedios para a realización de actividades deportivas dirixidas á mellora da súa calidade de vida, sendo o sedentarismo unha característica moi común na poboación con trastorno mental grave. Tal e como se indica na solicitude presentada pola entidade, o exercicio físico regular pode ser un enfoque coadxuvante do tratamento de trastornos mentais.

Ata o de agora o Complexo Hospitalario de Ourense abonaba as facturas que dende a Administración do Consello Municipal de Deportes se emitían en concepto de prezo público pola utilización das instalacións. Sendo unha administración pública e sendo a finalidade do uso das instalacións de natureza social, dende a entidade solicitouse a sinatura dun convenio

de colaboración para o acceso gratuíto ás instalacións conforme á normativa do Consello Municipal de Deportes.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificada a sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

